

FICHA DE DIXITALIZADOR



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Nome: César Martínez Fernández

Biografía: César Martínez Fernández comeza a súa formación como músico en 1980 en Vilagarcía de Arousa. A partir de 1983 realiza estudos de solfexo, piano e guitarra no Conservatorio da Real Sociedade Económica de Amigos do País en Santiago de Compostela.

Desenvolveu a súa carreira como músico en grupos de folk como Dhais, A Quenlla ou Fía na roca. Tamén acompañou a solistas como Emilio Cao, Antón Reixa, César Cuenca (Celtas Cortos), Víctor Coyote, Xosé Manuel Budiño etc.

Durante as gravacións con estes músicos comeza a traballar en estudos de gravación, especializándose no tratamento do son. No ano 2000 abre o estudio Fábrica de Luz, especializado en traballos de limpeza e edición de son para os mais variados proxectos, encargados entre outros polo Consello da Cultura Galega, a editorial Rodeira, o IGAEM ou a editorial Ophiusa.

Gravacións como músico:

Dhais: *Arca marmorica*, *Dhais*, *Arman vela*; A Quenlla: *Terra*, *Namórate da vida*, *A casa que nunca tivemos*; Fía na Roca: *Agardando que pase algo*; Emilio Cao: *Cartas mariñas*, *Simbad en Galicia*; César Cuenca: *Bichito*; Tombstones: *Tombstones*; Manuel Seixas: *A velocidade do frío*, *Presentimento*; Xosé Manuel Budiño: *Zume de terra*, *A Galicia vinte Xa* (Xacobeo 2004).

Gravacións como produtor ou técnico de son:

Emilio Cao: *Simbad en Galicia*; César Cuenca: *Bichito*; Tombstones: *Tombstones*; Manuel Seixas: *A velocidade do frío*; Xosé Manuel Budiño: *A Galicia vinte xa*; Coral Polifónica de Bergantiños: *Bergantiños terra meiga*; A.C. Airiños da Torre: *Contiños*; Stay Pretty: *Stay pretty*; Amelga: *Con dignidade!*; Mini e Mero: *Cantos coplas e romances de cego I*, *Cantos coplas e romances de cego II*.